



Ilmo Concello de  
**CAMBADOS**  
(Pontevedra)

## INFORME DE INTERVENCIÓN

D<sup>a</sup>. Paula Cacabelos Otero, Interventora do Concello de Cambados, en relación á documentación xustificativa da subvención outorgada a este Concello ao abeiro do Plan Marco 2016 para a obra "Asfaltado en Burgáns – Vilariño (Cambados),

### INFORMO

Primeiro.- Que, tal e como consta na documentación remitida, as certificacións de obra foron aprobadas por Acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o 5 de outubro de 2016.

Segundo.- Que, por un erro material ao confeccionar a orde de transferencia, unha das certificacións (a nº 2 e final por importe de 30.082,43 €) quedou fora da antedita orde de transferencia de data 13 de outubro dos correntes.

Tal circunstancia debeuse única e exclusivamente a un erro ao confeccionar o listado, existindo crédito, fondos e orde de pagamento para o total das certificacións da obra.

Terceiro.- Que no mesmo momento en que se detectou o erro foi tramitada a transferencia para o pagamento da certificación nº 2 e final por importe de 30.082,43 €.

En Cambados a 17 de outubro de 2016.

A Interventora,

Paula Cacabelos Otero

